

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS DE ADAPTACIÓN NO PLAN DE XESTIÓN DE OSTRÁ PLANA A FLOTE EN AUTORIZACIÓN DA CONFRARÍA DE NOIA

ANTECEDENTES

1. O plan de xestión de ostra plana a flote en autorización da confraría de pescadores de Noia (PE403A 2020/10-1) aprobouse para o trienio 2021-2023 mediante a Orde 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira.

2. O 18.10.2023 a Confraría de pescadores de Noia (Entrada Núm. 2023/2810311), solicitou adaptar a seguinte medida de xestión no plan de ostra plana:

- A modificación do "calendario anual previsto de extracción" e establecer unha veda nos meses de novembro e decembro de 2023.

Na solicitude a entidade indica que xuntarán a aprobación polos órganos de goberno o 20.10.2023, e achegan o Informe Técnico da Asistencia Técnica de 17.10.2023 no que se recolle, que segundo a avaliación dos bancos, derivada da mostraxe realizada o 09.10.2023, indica baixas densidades da especie en relación a anos anteriores. A causa é a mortalidade provocada por un inverno chuvioso e os episodios prolongados de baixas salinidades que se deron de decembro de 2022 a xaneiro de 2023. A extracción nestas condicións poría en perigo a pervivencia do banco explotable, dado que resultaría en densidades demasiado baixas para se reproducir e poder recuperar o banco. As densidades moi baixas é un factor crítico nesta especie, á hora da reprodución. Polo tanto estima a conveniencia para unha xestión sostible, o establecemento dunha veda en novembro e decembro de 2023.

O 24.10.2023 (Entrada Núm. 2023/2861809) a entidade remite o Certificado do Secretario dos órganos de goberno no que se acredita o acordo unánime adoptado en reunión extraordinaria do 19.10.2023 pola Xunta Xeral da entidade, de propoñer unha adaptación do plan de ostra en autorizacións con rastro remolcado ante o actual estado do bancos avaliados no informe técnico, consistente na medida de establecer unha veda en novembro e decembro de 2023. Indícase ademais, que os bancos presentan unhas densidades moi baixas que non fan rendible a súa extracción. A veda é necesaria para preservar o stock reprodutor e a cría, para favorecer a recuperación do banco. A tal efecto solicítase a modificación do "calendario anual previsto de extracción" e establecer a veda solicitada.

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



Asemade infórmase que en gran parte da zona de traballo do plan da ostra hai densidade moi elevadas de cría de berberecho, como na zona da canle do Picouso con densidades de 25.000 berberechos m².

A apertura do plan da ostra, con 35 embarcacións con permex de mesma, das que 34 teñen tamén o permex de marisqueo o que podería supoñer unha sobreexplotación do recurso da ostra.

3. O 20.10.2023 a Axente de extensión pesqueira da Xefatura Comarcal de Ribeira e o 03.11.2023 o Técnico Facultativo de Recursos Mariños (biólogo de zona) da Xefatura Territorial da Coruña emiten respectivos informes sobre a medida de adaptación solicitada pola confraría.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Orde 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira aprobou o plan de xestión de ostra plana a flote en autorización da confraría de pescadores de Noia. No apartado do calendario anual previsto de extracción establécese un número probable de días de extracción de 40 e como época probable de extracción de xaneiro a abril e de novembro a decembro.

2. O artigo 21.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece que as xefaturas territoriais poderán adaptar medidas, logo de solicitude das entidades titulares dos plans de xestión, ante circunstancias que dificulten ou potencien o seu desenvolvemento, e tendo en conta aspectos biolóxicos, socioeconómicos e de creación de emprego. O artigo 21.3 indica, entre as medidas de adaptación que se poderán incluír na letra k) outras vinculadas coa actividade marisqueira.

3. O artigo 7.3 da Orde de 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023, establece que as xefaturas territoriais poderán adaptar as medidas do plan de xestión, logo de petición do sector, ante circunstancias que dificulten ou ben permitan potenciar o desenvolvemento do plan de xestión, e tendo en conta aspectos biolóxicos, socioeconómicos e de creación de emprego, cando exista:

- a) Solicitude motivada da entidade titular do plan de xestión avalada por informe do seu técnico.
- b) Informe favorable emitido polo persoal técnico da consellería.

4. O peche do Plan en autorización de moluscos bivalvos de Noia levará a que practicamente a totalidade da flota que traballa coa arte do rastro utilizada para a captura da ostra concentre o seu esforzo nestas zonas do plan dirixido a unha especie que se atopa, de por sí, nun estado de baixas densidades na súa poboación. Tendo en conta, ademais, que nestas zonas apareceron manchas importantes de recrutamento do berberecho, a actuación do arrastre para a captura da ostra plana, poría en perigo a viabilidade deste



recrutamento por mortalidade incidental. Así, a veda no plan de ostra propiciará unha mellor recuperación do propio plan de bivalvos sustentado fundamentalmente polo berberecho.

5. O 20.10.2023 a Axente de extensión pesqueira informa que a medida de adaptación presentada fai referencia á modificación do calendario de extracción e ao establecemento dunha veda, cuestións que seguramente son positivas desde o punto de vista biolóxico, tal e como indica a asistencia técnica da confraría no seu informe, e que deberá ser valorada polo biólogo de zona. Engade que, desde o punto de vista socioeconómico, o establecemento dunha veda nos meses de maior demanda e mellores prezos desta especie seguramente repercutirá negativamente nos ingresos dos mariscadores que participan nesta pesqueira. Non obstante, é probable que a corto prazo inflúa de maneira positiva na economía do colectivo, xa que este tipo de medidas de regulación do esforzo pesqueiro favorecen que a explotación sexa máis sustentable no tempo.

6. O 03.11.2023, o Técnico Facultativo de Recursos Mariños destaca que en ámbolos dous bancos, referíndose a Cabalo Baixo e Broña, houbo baixas densidades (similares ás actuais de 2023) no 2016 tras o que se estableceu unha veda e non houbo extraccións no 2017. Sen embargo, pese a ausencia de extraccións en 2017 a recuperación dos bancos foi lenta e apenas aumentaron as densidades nas mostraxes de 2018, sendo a partir de 2019 cando comezaron a aumentar de forma considerable. Isto respalda a hipótese de que coas densidades actuais, similares ás de 2016, si se permite a extracción, a forte presión que cabe esperar sobre os bancos de ostra comprometerá a rexeneración dos bancos e as campañas vindeiras.

Así mesmo, comprometeríase ademais a supervivencia da cría de berberecho, que foi detectada a densidades moi elevadas nas mostraxes de outono nos bancos con presenza de ostra. Ó aumentar o esforzo en termos de superficie traballada, tempo e participantes, gran parte desta cría quedaría descuberta e exposta a unha gran mortalidade por depredación ou ó arrastre das correntes.

Deste xeito, conclúe que vista a solicitude, o plan aprobado, os datos de seguimento da explotación, os datos de capturas que indican o peor inicio da historia na campaña de bivalvos polo que cabe esperar un forte incremento do esforzo no plan de ostra, as baixas densidades rexistradas nos resultados das mostraxes de ostra, considera que as circunstancias actuais dificultan o desenvolvemento sostible a futuro do plan de xestión polo que o establecemento dunha veda en novembro e decembro de 2023 resulta razoable e axeitado polo que informa favorablemente á petición da confraría.

Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 21 do Decreto 153/2019 de 21 de novembro, e de acordo con todo o anterior,



RESOLVO:

1. Adaptar o plan de xestión de ostra plana a flote en autorización da confraría de pescadores de Noia, establecendo unha veda os meses de novembro e decembro.
2. Nas consideracións da ficha de aprobación do plan no apartado "Calendario de explotación" incluír un parágrafo final, quedando o apartado do seguinte xeito:

"Calendario de explotación: De acordo coa recomendación técnica, establécese unha veda de carácter extraordinario no mes de abril de 2023 como medida de conservación de recurso, protexendo o stock reprodutor nun mes no que a especie se atopa en fase de maduración sexual e liberación larvaria. Non obstante, mantense o número probable de días de extracción.

En consonancia cos informes técnicos, establécese unha veda nos meses de novembro e decembro de 2023 como medida de conservación da ostra plana, protexendo o stock reprodutor para a futura recuperación do banco. Con esta medida, adicionalmente protéxense as importantes manchas de individuos xuvenís de berberecho recrutados en zonas deste plan, segundo as mostraxes realizadas, onde os arrastres co rastro de vieira poderían causar unha mortalidade incidental sobre eles. Así, ademais de favorecer a recuperación da poboación de ostra plana, refórzase a recuperación da poboación de berberecho, especie principal do Plan de moluscos bivalvos en autorizacións tamén pechado en novembro e decembro pola situación do stock comercial."

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE Núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Noia, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

